

CONVOCATORIA 2019 DE AXUDAS PROPIAS Á MOBILIDADE/FORMACIÓN PARA PERSOAL INVESTIGADOR E TÉCNICO DA AGRUPACIÓN ESTRATÉXICA CITACA

A Agrupación Estratéxica CITACA constitúese como a unidade de traballo estratéxica dentro da área de investigación do Campus da Auga. No seu Plan de Actividades, inclúe no Eixo de Formación e Captación de Talento a Liña de Actuación 1, “Formación Continua e de Excelencia para o Desenvolvemento Profesional de Investigadores/as”, na que se deseña o Programa Mobilidade/Formación Persoal CITACA, que inclúe como un obxectivo prioritario a publicación desta Convocatoria 2019 de Axudas Propias á Mobilidade/Formación para Persoal Investigador e Técnico.

1. Finalidade

A convocatoria ten como obxectivo contribuir a financiar o **desprazamento de persoal investigador e técnico de CITACA** co obxectivo de:

- Facilitar o intercambio de coñecemento científico, favorecendo a transferencia e difusión de resultados, e a mellora e internacionalización da actividade investigadora.
- Axudar ao financiamento de estadias en centros de investigación para ampliar a formación dos investigadores/as de CITACA, ou realizar actividades de investigación en materias e tecnoloxías de áreas que sexan claves para o avance das liñas de investigación de CITACA.

2. Actuacións obxecto das axudas

➤ **Modalidade A: Axudas para viaxes.** A axuda irá destinada a contribuir a financiar a asistencia a congresos, reunións científicas, mesas redondas, seminarios, reunións preparatorias de proxectos de investigación, xornadas de formación ou doutras actividades similares de carácter científico que teñan o seu inicio entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2019 e se organicen fora de Galicia.

➤ **Modalidade B: Axudas para estadias en centros de investigación.** A axuda irá destinada a contribuir a financiar as estadias en centros de investigación radicados fora de Galicia para a realización de traballos de investigación, e a utilización ou adquisición de técnicas necesarias para o desenvolvemento da actividade investigadora. A duración da estadia financiada, que se desenvolverá nun único período e centro, comprenderá entre 15 e 90 días e deberá realizarse entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro do 2019.

3. Contía das axudas

O outorgamento destas axudas farase mediante a avaliación comparada das solicitudes presentadas, establecendo unha prelación entre as mesmas de acordo aos criterios de valoración fixados nesta convocatoria no apartado 9.

➤ Para a **Modalidade A. Axudas para viaxes** a contía máxima dispoñible para o total de axudas que se concedan ascende a **13.000,00 €**.

➤ Para a **Modalidade B. Axudas para estadias en centros de investigación** a contía máxima dispoñible para o total de axudas que se concedan ascende a **10.000,00€**.

Se tras a avaliación das solicitudes e a concesión das axudas para unha modalidade non se esgotara o orzamento total previsto para esa modalidade, o exceso da dita contía destinarase á financiación de actividades da outra modalidade.

Estas axudas están financiadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia dentro do programa de "Axudas para a mellora, creación, recoñecemento e estruturación de agrupacións estratéxicas do Sistema Universitario de Galicia", na convocatoria 2018.

4. Beneficiarios

As axudas obxecto desta convocatoria poderán ser solicitadas polo persoal investigador e técnico que desenvolva a súa actividade investigadora nalgún dos grupos adscritos á Agrupación Estratéxica CITACA.

Cada solicitante poderá presentar unha solicitude para cada modalidade, priorizando a que considere. De forma xeral soamente poderá ser financiada unha delas, excepto no caso de que non se esgote o crédito dispoñible, situación na que se podería chegar a financiar as dúas solicitudes dun mesmo solicitante.

5. Conceptos susceptibles de axuda

Poderán ser obxecto de axuda os seguintes conceptos de gasto, nas condicións e coas limitacións establecidas por esta convocatoria, para cada unha das modalidades.

5.1. Modalidade A. Axudas para viaxes

➤ **Custes de mobilidade:** Inclúe desprazamentos, (avión, tren, autobús e outros medios de transporte), aloxamento, e manutención, e custos de inscrición en congresos e cursos.

A contía da axuda concedida por solicitude será establecida en función do lugar onde se realice a actividade, e tendo en conta as seguintes **cantidades íntegras que se establecen como máximas** ata o esgotamento do crédito dispoñible:

DESTINO	DESPRAZAMENTO	ALOXAMENTO/MANUTENCIÓN	INSCRICIÓN	TOTAL MÁXIMO
Península Ibérica e Baleares	285,00€	120,00€/día completo	700,00€	885,00€
Comunidade Autónoma de Canarias	465,00€	120,00€/día completo	700,00€	1.065,00€
Europa e Hemisferio Norteafricano	545,00€	150,00€/día completo	700,00€	1.295,00€
Asia e Oceanía	1.050,00€	150,00€/día completo	700,00€	1.800,00€
Resto do mundo	800,00€	150,00€/día completo	700,00€	1.550,00€

5.2. Modalidade B. Axudas para estadias en centros de investigación

➤ **Custes de mobilidade:** Inclúe desprazamentos, (avión, tren, autobús e outros medios de transporte), aloxamento, e manutención.

A contía da axuda concedida por solicitude será establecido en función do lugar onde se realice a actividade, e tendo en conta as seguintes **cantidades íntegras que se establecen como máximas** ata o esgotamento do crédito dispoñible:

DESTINO	DESPRAZAMENTO	ALOXAMENTO
Península Ibérica e Baleares	285,00€	30,00€/día completo
Comunidade Autónoma de Canarias	465,00€	30,00€/día completo
Europa e Hemisferio Norteaficano	545,00€	40,00€/día completo
Asia e Oceanía	1.050,00€	40,00€/día completo
Resto do mundo	800,00€	40,00€/día completo

6. Procedemento de tramitación dos gastos

Os conceptos financiados mediante esta axuda tramitaranse dende a Secretaría Técnica de CITACA.

Para garantir o pago dos gastos relativos ás viaxes (nos conceptos desprazamentos e aloxamentos) para cada unha das modalidades, é preciso contratar os servizos con provedores, dados de alta no sistema contable da Universidade de Vigo.

Os gastos financiados deberán estar debidamente soportados en facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente dacordo ás obrigas de facturación da Universidade de Vigo.

O importe dos gastos financiados que figure na factura ou documento contable de valor probatorio equivalente presentado como xustificante de gasto non poderá exceder das contías máximas establecidas segundo concepto.

Para máis información sobre o procedemento de tramitación de gastos consultar o **Anexo II**. E no caso de calquera dúbida, **contactar sempre antes** coa Secretaría Técnica de CITACA.

7. Formalización das solicitudes e prazo de presentación

O prazo de presentación das solicitudes comezará o **28 de xuño** e permanecerá aberto ata o día **12 de xullo de 2019**.

As solicitudes serán remitidas pola persoa solicitante en formato electrónico á dirección de correo da Secretaría Técnica de CITACA: citaca_sec@uvigo.es. Incluíndo o **formulario de solicitude**, (**Anexo I**), e a documentación requirida segundo cada modalidade de axuda.

8. Contido das solicitudes

8.1. Modalidade A: Axudas para viaxes

As solicitudes presentadas polo persoal investigador ou técnico deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Documentación acreditativa das características, lugar, e data de celebración da actividade para a que solicita financiamento.
- Documentación acreditativa (no caso de dispor dela) da participación na actividade para a que se solicita financiamento. Por exemplo: Abstract da comunicación ao congreso; Invitación/Convocatoria a participación en reunión científica ou a comité organizador, etc...
- Breve xustificación (máximo 250 palabras) do interese para CITACA da participación na actividade para a que se solicita financiamento. Considerarase o seu aliñamento coas liñas

científicas de CITACA (Auga e solo: Protección dos recursos hídricos; Producción primaria sostible; Seguridade e calidade alimentaria: Competitividade e sostibilidade).

8.2. Modalidade B. Axudas para estadias en centros de investigación

As solicitudes presentadas polo persoal investigador ou técnico deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Documentación acreditativa da admisión no centro, con indicación do período para o que se solicita a estadia.
- b) Breve (máximo 500 palabras) descrición do centro e grupo de traballo no que se vai realizar a estadia, e xustificación do interese para CITACA do traballo que se vai realizar na estadia. Considerarase a súa relevancia para o desenvolvemento das liñas científicas de CITACA (Auga e solo: Protección dos recursos hídricos; Producción primaria sostible; Seguridade e calidade alimentaria: Competitividade e sostibilidade). Así como as opcións de contribuír ao posicionamento e visibilidade de CITACA.
- c) *Curriculum vitae* do/a solicitante. (*Nota. Preferiblemente en formato CVN).

9. Avaliación e selección de solicitudes

A avaliación de solicitudes será realizada pola Comisión de Investigación de CITACA conforme aos seguintes criterios de avaliación prioritarios, segundo modalidade.

MODALIDADE A. AXUDAS PARA VIAXES	
CRITERIO 1. TIPOLOXÍA DE ACTIVIDADE	PUNTUACIÓN
Reunións preparatorias de proxectos de investigación	Ata 3 puntos
Congresos. Mesas redondas. Reunións científicas	Ata 2 puntos
Xornadas e Seminarios de formación	Ata 1 punto
CRITERIO 2. ÁMBITO DE ACTIVIDADE	PUNTUACIÓN
Internacional	Ata 3 puntos
Nacional	Ata 1.5 puntos
CRITERIO 3. PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE (Só para congresos, mesas redondas, reunións científicas, xornadas, seminarios de formación)	PUNTUACIÓN
Relator oral por invitación	Ata 3 puntos
Relator oral/Poñente	Ata 2 puntos
Comunicación póster	Ata 1 puntos
Asistente como oínte	Ata 0.5 puntos
CRITERIO 3. IMPORTANCIA ESTRATATÉXICA PARA CITACA (Só para reunións preparatorias de proxectos de investigación)	PUNTUACIÓN
3.1. Relevancia científica para o desenvolvemento das liñas científicas de CITACA	Ata 3 puntos

MODALIDADE B. AXUDAS PARA ESTADÍAS EN CENTROS DE INVESTIGACIÓN	
CRITERIO 1. DURACIÓN DA ESTADÍA	PUNTUACIÓN
De 16 a 30 días	1 punto
De 31 a 60 días	2 puntos
De 61 a 90 días	3 puntos
CRITERIO 2. ÁMBITO DA ESTADÍA	PUNTUACIÓN
Internacional	Ata 3 puntos
Nacional	Ata 1.5 puntos
CRITERIO 3. IMPORTANCIA ESTRATATÉXICA PARA CITACA	PUNTUACIÓN
3.1. Relevancia científica para o desenvolvemento das liñas científicas de CITACA	Ata 2 puntos
3.2. Reforzo do posicionamento e visibilidade de CITACA	Ata 1 puntos
CRITERIO 4. CALIDADE	PUNTUACIÓN
Prestixio do centro ou laboratorio de investigación no que se vai realizar a estadía	Ata 3 puntos

10. Concesión das axudas

A Coordinadora de CITACA, á vista da proposta da Comisión de Investigación de CITACA ditará resolución motivada de adxudicación e denegación das axudas nun prazo máximo de dúas semanas dende a data fin de peche de presentación de solicitudes.

Contra esta resolución poderase presentar solicitude de revisión de avaliación, mediante correo electrónico enviado a citaca_sec@uvigo.es. O/a solicitante será convocado para recibir información adicional da avaliación feita pola Comisión de Investigación. Se despois da revisión procedese, se modificaría a proposta de resolución da Comisión de Investigación.

11. Medios de publicidade

Todas as comunicacións referidas a esta convocatoria serán publicadas para os efectos de notificación na páxina web de CITACA, do que o enlace é: www.citaca.uvigo.es.

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado no formulario de solicitude, que en ningún caso terán carácter de notificacións.

12. Pagamento das axudas

Farase efectivo unha vez que a persoa beneficiaria remita a Secretaría Técnica de CITACA antes do 25 de outubro, a seguinte documentación xustificativa segundo a modalidade de axuda.

12.1. Documentación xustificativa Modalidade A. Axudas para viaxes

- Documentación acreditativa de asistencia e tipo de participación na actividade para a que se solicita o financiamento.

- Copia da comunicación publicada no libro de actas do congreso, onde figure o título e autores/as da comunicación, así como copia da portada onde se indique o nome, tipo de congreso, datas de celebración e composición dos comités científico e/ou organizador. En caso de acreditarse axeitadamente a non publicación de actas do congreso, nin en formato papel nin electrónico, poderá aceptarse a presentación dun certificado acreditativo emitido pola

organización do congreso, no que figuren todos os datos anteriores. (*Nota. Só no caso de financiamento para asistencia a congresos).

-Facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, dos gastos realizados, dacordo ás obrigas de facturación da Universidade de Vigo. (Ver Anexo II).

-Outros documentos xustificativos dos gastos realizados: Billetes ou tarxetas de embarque; Comprobante de aloxamento.

No caso de calquera dúbida, **consultar sempre antes** coa Secretaría Técnica de CITACA.

12.2. Documentación xustificativa Modalidade B. Axudas para estadias en centros de investigación

- Documentación acreditativa da estadia continuada expedido polo centro receptor, con indicación expresa de lugar e data de inicio e finalización.
- Breve resumo do traballo realizado.
- Facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, dos gastos realizados, dacordo ás obrigas de facturación da Universidade de Vigo. (Ver Anexo II).
- Outros documentos xustificativos dos gastos realizados: Billetes ou tarxetas de embarque; Comprobante de aloxamento.

No caso de calquera dúbida, **consultar sempre antes** coa Secretaría Técnica de CITACA.

13. Obrigas dos beneficiarios/as

As persoas beneficiarias destas axudas están obrigadas a:

1. Seguir os procedementos de tramitación indicados nesta convocatoria.
2. Incluír o logotipo de CITACA nas comunicacións. E mencionar nas publicacións científicas que se deriven da actividade realizada para a que se solicitou o financiamento, a axuda concedida pola Agrupación Estratéxica CITACA, ou como mínimo incluíla nos agradecementos. Unha vez feita a publicación, deberán enviar á Secretaría Técnica de CITACA, a evidencia da mención da axuda.
3. Favorecer, sempre que sexa posible, a visibilidade de CITACA, e a referencia ao financiamento.
4. Presentar un breve informe, indicando as actividades realizadas, os contactos establecidos, ou calquera outra información que se considere relevante. Este informe deberase presentar na Secretaría Técnica de CITACA, no prazo de dous meses dende a finalización da actividade realizada.

O incumprimento inxustificable destas obrigas pode derivar en penalizacións, coma a non percepción do total ou dunha parte da axuda concedida, ou a imposibilidade de resultar beneficiado en futuras convocatorias de CITACA.

14. Réxime de incompatibilidades

Estas axudas propias para a mobilidade de persoal investigador e técnico da Agrupación Estratéxica CITACA son incompatibles con calquera outra axuda concedida para a mesma finalidade que financie o custo total da actividade.

Sen embargo, ao tratarse dunha axuda de financiamento parcial, poderá completarse con cargo a outras fontes de financiamento, como proxectos de investigación, ou a outras axudas concedidas sempre que o importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste total da actividade financiada, para o que a persoa beneficiaria deberá acreditar documentalmente os gastos realizados.